



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REXISTRO XERAL
03. MAR 97 01270 -

RESOLUCIÓN DO 28-02-1997 POLA QUE SE CREA A "COMISIÓN DE VALORACIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS".

O artigo 58 da Lei de Patrimonio Histórico Español (Lei 16/1985, do 25 de xuño) establece que o estudo e dictame sobre as cuestións relativas á cualificación de documentos da Administración así como o seu réxime de acceso e inutilidade administrativa corresponderá a unha Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos e que poderán constituírse comisións cualificadoras nos organismos públicos que así se determine.

Aínda que este precepto non foi desenvolvido regulamentariamente indicando que órganos poderían constituír estas comisións, a Universidade, en virtude da súa autonomía universitaria, considera necesario crear unha Comisión Cualificadora para os Documentos Administrativos que debe figurar no Arquivo Universitario.

Por todo o anterior, este Rectorado Resolve:

Primeiro

Créase a "Comisión de Valoración de Documentos Administrativos" na Universidade de Santiago de Compostela.

As súas funcións son:

- a) A cualificación dos documentos administrativos para a súa integración ou non no Patrimonio Documental da USC.
- b) Determina-la utilización dos documentos administrativos que figuren no Arquivo Histórico Universitario.
- c) Determina-lo réxime de acceso ós documentos do Arquivo Histórico de conformidade co réxime especial establecido na letra g) do artigo 37.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, sempre que non sexa de aplicación directa nesta materia a Lei de Patrimonio Histórico ou da Lei de Réxime Xurídico das AA.PP. e do Procedemento Administrativo Común.
- d) Determina-la inutilidade administrativa de documentos así como proposta de eliminación de documentos.

Segundo

Son membros da Comisión de Valoración:

- ⇒ O Secretario Xeral da Universidade, que actuará como Presidente.
- ⇒ A Directora do Arquivo, que actuará como Secretaria.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- ⇒ O Vicerrector de Investigación ou persoa en quen delegue.
- ⇒ Un representante da Asesoría Xurídica da Universidade.
- ⇒ Un especialista en Historia Contemporánea nomeado polo Rector da USC.

A Comisión poderá chamar ás súas reunións a especialistas ou ás persoas responsables dos servizos ou unidades administrativas de donde proceda a documentación, así como solicitar os informes de calquera materia que sexan necesarios para o desenvolvemento da súa laboura.

Terceiro

As reunións celebraranse con carácter ordinario cada tres meses. O presidente poderá convocar reunións extraordinarias cando o estime oportuno e incluso de carácter urxente previa notificación ós membros cun mínimo de 24 horas de antelación.

Para o réxime de adopción de acordos, quorum, etc., estarase ó disposto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cuarto

No caso de que a Comisión acorde a eliminación de documentos, esta elevará a súa proposta ó Rector cunha indicación expresa dos documentos que vaian a ser eliminados. A eliminación acordarase por Resolución Rectoral a proposta da Comisión. A acta de proposta de eliminación e a Resolución Rectoral que a autorice serán custodiadas no Arquivo Universitario.

No caso de series documentais cualificadas como inútiles poderán quedar sen destruír determinados documentos por mostraxe.

Quinto

As resolucións da Comisión de Valoración non esgotan a vía administrativa e contra as súas decisións poderase interpoñer recurso ordinario perante a Xunta de Goberno da Universidade.

Disposición Adicional

No non recollido nesta Resolución estarase ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro e nos Estatutos da Universidade así como a lexislación en materia de Patrimonio Histórico.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Disposición Transitoria

A Comisión de Valoración deberá reunirse con carácter constitutivo no prazo máximo de dous meses dende a entrada en vigor desta Resolución.

Disposición final

A presente Resolución entrará en vigor o día da súa saída polo Rexistro Xeral da USC.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 1997

RECTOR

F. Darío Villanueva Prieto

Sr. Xefe do Servicio de Alumnado